

Poboación

Poboación de Galicia e España a 1 de xullo de 2020

	Poboación a 1 de xullo de 2020(*)	Poboación a 1 de xaneiro de 2020	Saldo primeiro semestre 2020			
			Vexetativo	Migratorio exterior	Migratorio interior	Saldo total
Galicia	2.698.718	2.702.592	-8.956	4.334	818	-3.804
España	47.351.567	47.332.614	-94.057	113.856	0	19.799

Fuente: INE / (*) Datos provisionales

A 01.07.2020, os datos facilitados polo INE indican que a poboación de Galicia voltou a estar por baixo das 2.700.000 persoas, cun descenso de poboación no semestre de -3.804 habitantes, descenso que supón un -0,14% do total. Aínda que o 1º semestre de cada ano adoita recoller descensos na poboación de Galicia, este ano o descenso é maior ao de anos anteriores, co cal se racha coa tendencia descendente a este respecto. Dito descenso produciuse principalmente pola caída do saldo migratorio exterior, cuxa aportación de poboación diminuíu nun -61% respecto ao 1º semestre de 2019, mentres que a caída no saldo vexetativo (nacementos menos defuncións) incrementouse nun 6% respecto do mesmo período. O dato do saldo vexetativo está na parte alta dos valores recollidos nos cinco anos anteriores, nos que o saldo variou para cada ano entre -7.100 e os -9.100 habitantes. Contrasta este dato co saldo vexetativo en España, que duplica ao peor dato rexistrado nos últimos cinco anos, e onde tan só Murcia e as Illas Baleares amosaron saldo vexetativo positivo no semestre. O saldo migratorio exterior tamén rachou coa tendencia ao alza observada en anos anteriores e foi só o 54% do saldo rexistrado no 1º semestre de 2019


Para rematar, o saldo migratorio interior volveu a ser positivo en Galicia neste trimestre. Galicia foi a terceira Comunidade co saldo máis positivo, logo da Comunidade Valenciana e Castela-A Mancha.

Produto interior bruto

Variación interanual porcentual do PIB (índices de volume encadeados, referencia ano 2015=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2015-2020

	% (TIT-4)	2015	2016	2017	2018	2019	2020	1T15	2T15	3T15	4T15	1T16	2T16	3T16	4T16	1T17	2T17	3T17	4T17	1T18	2T18	3T18	4T18	1T19	2T19	3T19	4T19	1T20	2T20	3T20	4T20
Galicia		2,8	3,4	1,9	3,2	1,8	-8,9	2,0	2,9	2,8	3,4	3,8	3,4	3,8	2,6	1,9	2	1,9	2,1	3,0	3,4	3,0	3,2	2,7	1,8	1,5	1,1	-3,8	-18,0	-6,2	-7,6
España		3,8	3,1	3,0	2,4	2,0	-10,8	3,2	3,9	4,0	3,8	3,7	3,0	3,0	2,5	2,6	3,3	2,9	3,1	2,9	2,3	2,3	2,2	2,1	1,8	1,7	-4,3	-21,6	-8,6	-8,9	

Fuente: INE (Contabilidad Nacional Trimestral), IGE



Os resultados difundidos o pasado 26.03.2021 da *Contabilidad Nacional Trimestral de España: principales agregados*, non só actualizan os proporcionados no avance do pasado 29 de xaneiro para o 4º trimestre de 2020, senon tamén os dispoñibles ata o momento sobre os tres primeiros trimestres de 2020 e mesmo os dos anos precedentes. Isto provoca trocos en toda a serie de datos, especialmente no que atinxe aos anos do 2017 ao 2019.

Tal e como se pode apreciar no Gráfico 1, logo da caída sen precedentes do PIB que tivo lugar no 2º trimestre de 2020 e a recuperación rexistrada no 3º trimestre logo do remate do primeiro do Estado de Alarma e o conseqüente levantamento das restricións á mobilidade, a chegada da segunda e terceira olas da pandemia e a implementación de medidas restritivas á mobilidade provocaron unha nova ralentización da actividade económica. Deste xeito, o PIB galego reduciuse nun -1,5% trimestral mentres en España non produciuse variación no 4º trimestre (0,0%) respecto do 3º, o que leva o valor interanual

deste parámetro ao -7,6% respecto do 4º trimestre de 2019 (unha caída do -8,9% en España, dúas décimas menos acusada que a prevista no mes de xaneiro). Galicia pecha 2020 cunha caída do PIB do -8,9% mentres que en España a caída chega ao -10,8%, case que dous puntos porcentuais máis. Trátase de caídas para as que non hai precedentes nas series estatísticas dispoñibles.

O avance do PIB estatal para o 1º trimestre de 2021 prevé unha baixa do -0,5% porcentuais en termos intertrimestrais que, en termos interanuais, suporía que o PIB estatal interanual pasaría a reflectir unha caída do -4,5%. Tendo en conta que a caída interanual no pasado trimestre foi do -8,9%, podería parecer que se trata dunha recuperación, pero non é tal, dado que os períodos de referencia son diferentes: é dicir, este cómputo xa non inclúe o 1º trimestre de 2020, que rexistrou unha forte caída, e ese é o motivo de que a caída interanual sea menor, pero o volume da economía española segue a se reducir.

No que atinxe aos datos galegos, o IGE aporta información adicional respecto á Revisión Estatística 2019 que se pode consultar premendo no enlace que se achega: https://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/Nota_Revisión_Estatística_2019_gl.pdf

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación á Seguridade Social

Valores Poboación Activa Galicia-España, 1º Trimestre 2021

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaxe	Diferencia	Porcentaxe
Galicia	1.218,1	-5,5	-0,5	-21,7	-1,8
España	22.860,7	-203,4	-0,9	-133,5	-0,6

Fuente: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

A entrada en vigor dos Regulamentos Europeos (UE) 2019/1700 e (UE) 2019/2240 afecta á metodoloxía de elaboración da Enquisa de Forza de Traballo europea (EFT) enquisa para a cal a EPA recompila información, polo que a metodoloxía de elaboración desta vese tamén afectada. Pódense consultar polo miúdo as modificacións na nota de prensa da última edición da EPA

Datos negativos para Galicia na máis recente *Encuesta de Población Activa* (EPA), que reflicte para o 1º trimestre de 2021 un descenso total da poboación activa de Galicia de -5.500 persoas (o -0,5%) respecto do trimestre anterior, mentres que en España rexistrouse un descenso do -0,9%. En termos interanuais, en Galicia o descenso da poboación activa acadou as -21.700 persoas (-1,8%) mentres que en España a poboación activa reduciuse nos últimos doce meses en -133.500 persoas, o -0,6% do total. Tanto en Galicia como no conxunto de España as diminucións interanuais de poboación activa rexistradas son maiores que as que se rexistraron na pasada edición da EPA. A redución da poboación activa galega por millón de habitantes foi tres veces máis intensa que a española nos últimos doce meses.


Pola súa banda, o número de persoas ocupadas reduciuse en Galicia en -21.200, o que supón un descenso do -2,0%, mentres que en España a ocupación reduciuse nun -0,7% respecto ao trimestre anterior. En termos interanuais a evolución segue a ser negativa, cun descenso da ocupación do -2,1% e -23.200 persoas ocupadas. O dato de ocupación para o conxunto do Estado amosa un descenso aínda maior, de -474.500 persoas ocupadas, un -2,4% menos. A taxa de ocupación acadou en Galicia o 45,3% no 1º trimestre, valor inferior en 3,2 puntos porcentuais á taxa de ocupación rexistrada en España no mesmo período, que foi do 48,5%. Para rematar coa análise da EPA do 1º trimestre de 2021, o número de persoas en paro en Galicia ficou en 158.300, aumentando respecto do trimestre anterior no 11,0% (15.700 persoas paradas máis). A taxa de paro rexistrada para Galicia elévase en máis dun punto porcentual respecto ao trimestre anterior e fica no 13,0%, mentres que a rexistrada en España reduciuse nunha décima ata o 16,0%, logo de que o paro diminuíse en -65.800 persoas no trimestre, para un total de 3.719.800 persoas.

Porén, as distintas edicións do *Boletín mensual do paro rexistrado* publicadas ata o mes de marzo recollen diminucións mensuais no paro rexistrado para cada un dos meses deste trimestre, preto o por riba do -2% en xaneiro e marzo, e máis reducida en febreiro (-0,4%) En termos interanuais, e logo de once meses consecutivos nos cales o incremento interanual do paro rexistrado superou o 10%, en marzo este incremento pasou a ser case que oito puntos menor ao de febreiro, ficando no 3,6%, debido de xeito sobranceiro a tratarse do primeiro mes no que o período de referencia (Marzo de 2020) xa recolle a influencia das medidas restritivas da mobilidade e da actividade derivadas da loita contra a pandemia de Covid-19.

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 1º Trimestre 2021

1T21	Mes actual			variación mes anterior			% variación mes anterior			variación mes ano anterior			% variación mes ano anterior		
	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo
TOTAL	185.984	185.228	180.719	-3.603	-756	-4.509	-1,9%	-0,4%	-2,4%	18.229	18.999	6.238	10,9%	11,4%	3,6%
Homes	80.679	79.420	76.869	-1.670	-1.259	-2.551	-2,0%	-1,6%	-3,2%	8.292	7.982	1.362	11,5%	11,2%	1,8%
Mulleres	105.305	105.808	103.850	-1.933	503	-1.958	-1,8%	0,5%	-1,9%	9.937	11.017	4.876	10,4%	11,6%	4,9%
<30 anos	25.371	25.151	23.862	-716	-220	-1.289	-2,7%	-0,9%	-5,1%	3.841	3.871	530	17,8%	18,2%	2,3%
entre 30 e 44 anos	61.681	61.262	58.923	-906	-419	-2.339	-1,5%	-0,7%	-3,8%	7.136	7.533	1.268	13,1%	14,0%	2,2%
>44 anos	98.932	98.815	97.934	-1.981	-117	-881	-2,0%	-0,1%	-0,9%	7.252	7.595	4.440	7,9%	8,3%	4,7%
Agricultura e Pesca	6.893	6.700	6.384	-492	-193	-316	-6,7%	-2,8%	-4,7%	732	671	434	11,9%	11,1%	7,3%
Industria	19.880	20.038	19.975	-579	158	-63	-2,8%	0,8%	-0,3%	1.517	1.741	930	8,3%	9,5%	4,9%
Construción	14.259	13.810	13.345	-359	-449	-465	-2,5%	-3,1%	-3,4%	413	197	-1.098	3,0%	1,4%	-7,6%
Servizos	130.717	130.985	127.405	-564	268	-3.580	-0,4%	0,2%	-2,7%	14.536	15.998	5.799	12,5%	13,9%	4,8%
Sen emprego anterior	14.235	13.695	13.610	-1.609	-540	-85	-10,2%	-3,8%	-0,6%	1.031	392	173	7,8%	2,9%	1,3%

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Emprego e Igualdade Xunta de Galicia



Por idade, tanto en termos mensuais como interanuais, pasouse dunha situación nos meses de xaneiro e febreiro na que o efecto nos maiores de 45 anos era máis favorable ou menos desfavorable, respectivamente, a observarse a situación oposta no mes de marzo. Por sectores de actividade, en termos mensuais foron as persoas sen emprego anterior as que tiveron unha maior redución do paro rexistrado, redución especialmente intensa en xaneiro (-10,2%) mentres que en marzo foi o sector agrícola-pesqueiro o que amosou a maior redución porcentual, preto do -5%. En termos interanuais, e por primeira vez desde o pasado mes de abril, un sector amosou descenso interanual do paro rexistrado (a construción, cun descenso do -7,6%). Tamén por primeira vez desde abril de 2020, ningún sector de actividade amosa incrementos do paro rexistrado superiores ao 10% en termos interanuais.

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 1er Trimestre 2021

1er Trimestre 2021	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	%Var. trimestre anterior	Var. trimestre año anterior	%Var. trimestre año anterior
Homes	92.463	-8.861	-8,7%	-18.890	-17,0%
Mulleres	79.194	-11.365	-12,5%	-23.658	-23,0%
<30 anos	48.056	-8.324	-14,8%	-18.051	-27,3%
entre 30 e 44 anos	74.393	-8.437	-10,2%	-15.960	-17,7%
>44 anos	49.208	-3.465	-6,6%	-8.537	-14,8%
Indefinido	21.083	4.043	23,7%	-1.525	-6,7%
Temporal	147.851	-24.409	-14,2%	-41.614	-22,0%
Prácticas / Formación	1.615	-159	-9,0%	456	39,3%
Otros	1.108	299	37,0%	135	13,9%
Agricultura e Pesca	7.010	669	10,6%	258	3,8%
Industria	39.064	837	2,2%	1.737	4,7%
Construción	9.973	1.918	23,8%	-187	-1,8%
Servizos	115.610	-23.650	-17,0%	-44.356	-27,7%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación , Consellería de Emprego e Igualdade

Por sexos, o descenso medio da contratación afectou máis ás mulleres, case que en catro puntos porcentuais respecto o 4º trimestre de 2020, e en seis respecto ao primeiro. Mes a mes, no mes de Xaneiro contratáronse ao redor de dous mil homes máis que mulleres, mentres que entre Febreiro e Marzo a diferenza entres sexos na contratación superou os once mil contratos a favor dos homes.

Por rangos de idade, a tendencia xeral foi unha redución maior ou un crecemento menor, segundo os meses, canto menor é o rango de idade analizado, con caídas maiores ou incrementos menores para os contratos a menores de 30 anos que, medindo mes a mes, oscilan entre os cinco e os dez puntos porcentuais máis en número de contratos asinados respecto dos outros grupos de idade, e son aínda maiores se a comparación se realiza respecto do mesmo mes do ano precedente.

Entre os distintos tipos de contrato asinados, o indefinido e os cualificados como Outros foron os que presentaron un mellor comportamento, con subas do 23,7% e o 37% respectivamente, mentres os contratos temporais, que supoñen máis dun 86% do total de contratos asinados en Galicia no trimestre, reducíronse nun -14,2% respecto do trimestre anterior, e un -22% respecto do 1º trimestre de 2020. Respecto dese trimestre, o número de contratos indefinidos tamén se reduciu, aínda que nunha contía moito menor (-6,7%).

Por sectores de actividade, e tal e como era previsible posto que inclúe a meirande parte das actividades máis afectadas polos efectos directos e indirectos da pandemia, o sector servizos foi o protagonista negativo neste trimestre, con caídas moi intensas tanto se comparamos co final de 2020 como se o facemos co 1º trimestre dese ano. Pola contra, tanto o sector agrícola-pesqueiro como o industrial amosaron incrementos na contratación respecto aos dous períodos de referencia. Para rematar, na construción viuse reducida a contratación de xeito lixeiro respecto ao 1º trimestre do ano pasado, pero amosou o maior crecemento respecto do trimestre anterior, cun 23,8%.

A afiliación media en Galicia mantívose por baixo do millón de persoas afiliadas para cada mes do 1º trimestre de 2021, aínda que preto dese límite. Comparando co acontecido nos mesmos meses de anos anteriores, a caída de afiliación en Xaneiro, típica dese mes, foi menos acusada que nos anos 2019 e 2020, mentres que o crecemento da afiliación de febreiro e marzo, tamén habitual, foi menor do que se rexistrara nos anos previos. A nivel estatal a redución da afiliación de Xaneiro estivo dentro dos valores habituais. Porén, a afiliación incrementouse en febreiro e marzo en menor medida que en anos anteriores.

	Afiliações media 1er trimestre 2021			Variacións											
				mes anterior						interanual					
				absoluta			relativa			absoluta			relativa		
	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo
Galicia	992.338	994.029	998.733	-9.823	1.691	4.704	-0,98%	0,17%	0,47%	-14.168	-18.324	-3.890	-1,41%	-1,81%	-0,39%
España	18.829.480	18.850.812	18.920.902	-218.953	21.332	70.090	-1,15%	0,11%	0,37%	-335.014	-400.117	-85.858	-1,75%	-2,08%	-0,45%

Gráfico 3: Variación porcentual interanual da afiliación media á Seguridade Social Galicia-España (outubro 2019 - marzo 2021)

Month	Galicia (%)	España (%)
oct-19	1.4	2.3
nov-19	1.4	2.3
dic-19	1.4	2.1
ene-20	1.5	1.9
feb-20	1.5	1.9
mar-20	0.5	0.5
abr-20	-3.5	-4.2
may-20	-4.2	-4.8
jun-20	-4.5	-4.8
jul-20	-3.8	-3.8
ago-20	-2.8	-2.8
sep-20	-2.2	-2.2
oct-20	-1.8	-2.2
nov-20	-1.5	-1.8
dic-20	-1.8	-1.8
ene-21	-1.5	-1.8
feb-21	-2.2	-2.2
mar-21	-1.2	-0.8

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2019	2020	% Var	2019	2020	% Var	2019	2020	% Var	2019	2020	% Var
Agricultura	1.319	1.108	-16,0	48	36	-25,0	4	7	75,0	1.371	1.151	-16,0
Pesca	866	747	-13,7	34	39	14,7	3	8	166,7	903	794	-12,1
Industria	8.881	6.793	-23,5	91	71	-22,0	12	9	-25,0	8.984	6.873	-23,5
Construcción	4.284	3.219	-24,9	104	104	0,0	9	9	0,0	4.397	3.332	-24,2
Servizos	13.645	10.006	-26,7	192	127	-33,9	26	19	-26,9	13.863	10.152	-26,8
Total	28.995	21.873	-24,6	469	377	-19,6	54	52	-3,7	29.518	22.302	-24,4

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2019	2020	% Var	2019	2020	% Var	2019	2020	% Var	2019	2020	% Var
Agricultura	3.766,5	3.198,1	-15,1	137,1	103,9	-24,2	11,4	20,2	76,9	3.915,0	3.322,2	-15,1
Pesca	4.680,1	4.142,4	-11,5	183,7	216,3	17,7	16,2	44,4	173,7	4.880,0	4.403,0	-9,8
Industria	6.098,3	4.726,9	-22,5	62,5	49,4	-20,9	8,2	6,3	-24,0	6.169,1	4.782,6	-22,5
Construcción	5.497,7	4.285,4	-22,1	133,5	138,5	3,7	11,6	12,0	3,7	5.642,7	4.435,8	-21,4
Servizos	1.869,1	1.398,3	-25,2	26,3	17,8	-32,5	3,6	2,7	-25,3	1.899,0	1.418,7	-25,3
Total	2.879,1	2.215,9	-23,0	46,7	38,2	-18,0	5,4	5,3	-1,8	2.931,0	2.259,4	-22,9

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	28	-68	6.930	-13.966	20.844	-35.715
España	487	-411	151.496	-112.958	540.579	-317.822

Logo de rematado o ano 2020, se confirma a tendencia rexistrada ata o mes de outubro, últimos datos recollidos neste Boletín. Deste xeito, e aínda que os datos recollidos amosan de novo un incremento notabilísimo dos ERE presentados en España desde o mes de marzo, as porcentaxes dese incremento seguen a reducirse, de forma que o incremento total de ERE en Galicia para 2020 fica nun 757% (frente ao 910% interanual en outubro) e en España pasa a ser do

Número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego. Galicia-España (Xaneiro-Decembro 2019-2020)

	TOTAL			DESPEDIMENTOS COLECTIVOS			SUSPENSIÓN DE CONTRATOS E REDUCCIÓN DE XORNADA		
	Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior	
		Absolutas	En %		Absolutas	En %		Absolutas	En %
Galicia	40.193	35.501	757%	451	-1.505	-77%	39.742	37.006	1353%
España	1.017.789	928.862	1045%	8.614	-22.257	-72%	1.009.175	951.119	1638%

Estadística de expedientes de regulación de empleo. Ministerio de Trabajo e Economía Social

reducíronse en 2020 nun -77% en Galicia e nun -72% en España (idénticos porcentaxes aos rexistrados para o interanual en outubro pasado)

1.045% (frente a 1.290% interanual en outubro). Este incremento atinxe exclusivamente aos ERE por suspensión de contratos e redución de xornada (que as estatísticas do Ministerio presentan de xeito conxunto desde o Estado de Alarma e a proliferación de ERTE que lle sucedeu), xa que os ERE por despedimentos colectivos

Custos laborais e salariais

A *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* do INE para o 4º trimestre de 2020 indica que o valor medio do custo laboral por persoa traballadora e mes en Galicia foi de 2.550,5 €/mes no trimestre, o que supón un incremento do 0,7% respecto do 4º trimestre de 2019. Con isto, o custo laboral medio en Galicia no 2020 ficou en 2.361,9 €/mes, descendendo nun -1,7% respecto a 2019, primeiro descenso anual desde o ano 2015. A caída foi inferior á rexistrada en España, onde o custo laboral medio anual acadou os 2.572,7 €/mes, dato inferior nun -2,2% ao de 2019.

O custo salarial aumentou nun 0,2% respecto ao derradeiro trimestre de 2019, acadando os 1.899,9 €/mes. Así, o custo salarial medio en Galicia no 2020 foi de 1.738,8€/mes, inferior nun -2,2% ao de 2019. De novo, trátase do primeiro descenso nun ano

Custos laborais e salariais. Galicia. 2015-2020

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2015	2.246,2	-0,7	17,2	0,3	1.649,0	-0,3	12,6	0,8
2016	2.248,3	0,1	17,4	1,3	1.655,0	0,4	12,8	1,5
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
2019	2.403,1	3,9	18,7	4,2	1.812,2	5,9	13,7	4,6
2020	2.361,9	-1,7	19,6	4,8	1.738,8	-4,1	14,3	4,4
1T15	2.175,0	0,2	16,1	1,8	1.582,0	0,6	11,7	2,4
2T15	2.249,0	-2,1	16,7	-2,2	1.635,8	-2,2	12,2	-2,2
3T15	2.196,2	-0,4	17,5	-0,2	1.601,9	0,0	12,8	0,2
4T15	2.370,6	-0,3	18,3	1,9	1.775,8	0,4	13,7	2,7
1T16	2.203,1	1,3	16,8	4,3	1.596,2	0,9	12,2	3,7
2T16	2.232,7	-0,5	16,4	-1,9	1.640,6	0,3	12,0	-1,2
3T16	2.213,6	0,8	18,0	2,7	1.624,0	1,4	13,2	3,3
4T16	2.343,7	-1,4	18,3	-0,1	1.769,1	-0,9	13,8	0,1
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.268,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.863,0	3,2	12,4	1,8
2T19	2.400,3	4,3	18,4	7,0	1.777,0	4,6	13,6	9,6
3T19	2.360,5	2,8	19,2	3,7	1.712,7	2,8	14,0	3,7
4T19	2.533,5	4,8	19,8	4,2	1.896,2	4,4	14,8	3,9
1T20	2.324,5	0,3	18,0	4,0	1.693,3	1,8	13,1	5,6
2T20	2.264,8	-5,6	20,6	11,9	1.668,8	-6,1	15,2	11,4
3T20	2.307,8	-1,8	19,3	0,3	1.693,4	-1,1	14,2	1,0
4T20	2.550,5	0,7	20,4	3,3	1.899,9	0,2	15,2	2,8

desde o que se rexistrou en 2015 e, de novo, o descenso foi inferior ao que se produciu en España, onde o custo salarial medio reduciuse nun -2,7% no ano 2020.

A pesares disto, e a causa da redución do número de horas traballadas respecto aos intervalos de referencia, os custos por hora efectiva volveron a incrementarse. No caso dos custos laborais, incrementáronse nun 3,3% interanual en Galicia (4,8% o custo medio en 2020), mentres que os salariais subiron nun 2,8% interanual (4,4% de incremento anual para o custo salarial medio en Galicia en 2020). Estes incrementos foron inferiores, en valores que oscilan entre o punto e medio porcentual e os dous puntos, aos rexistrados en España para os mesmos períodos de referencia

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 1º Trimestre 2021

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	1.050	74.275,1	175	23,4%	-8	5,9%
Sociedades que ampliaron capital	335	798.964,0	78	862,2%	-23	296,7%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Os datos do *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil* (BORME) para o 1º trimestre de 2021 indican que continúa o crecemento na creación de sociedades mercantís que se constitúen ou que amplían capital, crecemento xa observado na segunda metade de 2020. Porén, a diferenza do acontecido en trimestres anteriores, o incremento afecta tamén ao volume de capital invertido en ampliacións de capital, que rexistra nos meses de xaneiro e marzo aumentos especialmente significativos, con incrementos de capital máis de

oito veces superiores aos que se produciron no último trimestre de 2020 e case tres veces superiores aos do primeiro. De feito, o capital ampliado en sociedades mercantís nos tres primeiros meses de 2021 supera xa en máis dun 50% a todo o capital ampliado durante o ano 2020.

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 1er Trimestre 2021

	1T21	4T20	1T20
Sociedades diolvidas	624	414	501
Sociedades que reducion capital	107	73	75
Sociedades en situación concursal	65	75	58

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Logo dos fortes incrementos rexistrados no último trimestre de 2020, de novo o número de empresas disolvidas ou que reducion capital rexistrou un incremento no 1º trimestre de 2021 tanto respecto do mesmo trimestre de 2020 como respecto do trimestre pasado. Así, o número de sociedades que reducion capital ao comezo de 2021 aumentou por riba do 40% tanto respecto ao trimestre anterior como a fai catro trimestres. No que atinxe ás sociedades disolvidas, o incremento respecto ao trimestre anterior ficou preto do 50%, e do 25% respecto ao primeiro trimestre de 2020.

Pola súa banda, o número de empresas que foron a concurso de acredores reduciuse nun -13% en termos intertrimestrais e aumentou nun 12% respecto ao 1º trimestre do ano pasado. Ademais, rexistráronse sete procesos de escisión de empresas, dato similar aos rexistrados nos trimestres

de referencia, mentres que os procesos de fusión foron 32, un 77% máis que no pasado trimestre e que no 1º trimestre de 2020.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

No 1º trimestre de 2021 emitíronse doce ditames sobre normativa laboral autonómica, sete máis dos emitidos no período correspondente do ano 2020.

No que atinxe á súa función de apoio á negociación colectiva en procedementos de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo, tiveron entrada no AGA 19 solicitudes de expedientes de mediación ou arbitraje, tres máis das rexistradas nos tres primeiros meses de 2020. De entre todos os expedientes finalizados no trimestre, en sete deles todas as partes en conflito aceptaron levar a cabo mediación ou arbitraje. Destes, pecháronse con acordo o 83%.

Pódese consultar polo miúdo toda a actividade levada a cabo por este Consello durante o ano 2020 a través da [Memoria de Actividades 2020](#) na nosa web.

Pode consultar información máis específica da situación da negociación colectiva galega no *Boletín da Negociación Colectiva deste Consello*:

<https://www.cgrl.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>

Consello Galego de Relacións Laborais
Algalla de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela

<https://www.cgrl.gal/publicacions-2/sociolaboral/boletins/>
Teléfono 981 541 607 - Fax 981 541 610

